

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE
NOVIEMBRE DE 2015.-**

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	3
PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.-.....	3
PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO NO CONCELLO DE AMES.-.....	5

C.I.F.: P – 1500200 – I

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2015.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as nove horas (9:00 h) do día doce (12) de novembro de dous mil quince (2015), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José Manuel Miñones Conde, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Silvia Dapena Liñares, M^a Isabel Vaquero Quintela e Luisa Feijóo Montero.

Asiste o **interventor** José Antonio Rueda Valenzuela.

Actúa de **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, correspondente á **sesión ordinaria do 5 de novembro de 2015**, e que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2568/1986 de 28 de novembro. (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta por unanimidade.

PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.-

Polo señor presidente dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte solicitude de licenza de obra maior e dos seus respectivos informes favorables, técnico e xurídico, que obran no expediente da súa razón.

Comprobando que cumpren co establecido nos artigos 194 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), e co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ames, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde polo decreto 926/2015 de 17 de xuño, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda concede-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

En relación aos prazos para execución das obras, o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O Concello poderá conceder prorroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión do prazo. A obtención da prorroga do prazo para comezar as obras non comporta a prorroga do prazo de terminación daquelas.

Deberanse cumprir tanto as condicións específicas como as xerais que se fan figurar no correspondente acordo de concesión da licenza.

1.- A solicitada por **Rafael Couselo Vázquez**, co NIF 33.292.960-T, para a **construción dunha vivenda unifamiliar** nunha parcela no lugar de Ventín, Biduído, con referencia catastral 3641105NH3434S, segundo o Proxecto Básico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais.

Expediente numero 2015/U008/000027

A arquitecta municipal, Marta Bellas Rodríguez, emite informe en sentido favorable na data do 21 de outubro de 2015.

A asesora xurídica de urbanismo, L. Carlota Díaz Tomé, emite informe en sentido favorable na data do 3 de novembro de 2015.

Cualificación do solo segundo o PXOM: Solo de núcleo rural disperso.

O presuposto de execución material segundo o informe da arquitecta municipal: 97.892,71 €.

Técnico autor do proxecto: Eugenio Torreira Pais, arquitecto (colexiado 2865).

Descrición das obras: Vivenda unifamiliar aislada en planta baixa e baixo cuberta con garaxe. Non proxecta peche frontal. O proxecto prevé o recuamento pero non contén a definición do peche da parcela.

Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: Altura máxima: 7m, ocupación máxima: 30%.

En aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas e pola expedición e subministro de cartel de obra, aboáronse as taxas correspondentes por un importe de 229,27 euros.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), acorda:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a licenza de obra maior solicitada por **Rafael Couselo Vázquez**, co NIF 33.292.960-T, para a **construción dunha vivenda unifamiliar** nunha parcela no lugar de Ventín, Biduído, con referencia catastral 3641105NH3434S, segundo o Proxecto Básico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, colexiado 2865.

Segundo.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As sinaladas no informe da arquitecta municipal:

- Antes do inicio das obras presentárase proxecto de execución visado, así coma os oficios de dirección de obra, de dirección de execución e de coordinación de seguridade e saúde.
- Conectarán cos servizos de saneamento e auga potable no fronte. Non se conectarán as pluviais a fecais.
- Deberán repor os elementos que se deteriorenen polas obras e acondicionar a conexión e ampliación de vía en relación ao entorno, canalizando a cuneta no fronte, en tramos sen beirarrúas, disporán canle suficiente para permitir o paso da auga de escorrenta da cuneta baixo firme e garantirán a conexión. Os pavimentos sobre dita canalización contarán ao menos cunha solución de previsible boa resistencia no tempo e que non dificulte o mantemento (formigón ou aglomerado) evitando superficies de grava solta para tránsito de vehículos. Recuarán as liñas aéreas da superficie de cesión, no seu caso.
- Non se alterará a rasante natural do terreo nos lindes da parcela.
- Apreciase que non hai correspondencia entre a parcela segundo escritura e segundo a referencia catastral, polo que se lembra a obriga do titular de regularizar a propiedade no Catastro.
- Cando o director dunha obra deixe de actuar nela poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello o nomeamento do novo facultativo director da obra.
- En todos os casos disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
- Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
- As sinaladas no informe da asesora xurídica de Urbanismo:
- Antes do inicio das obras presentárase aval ou fianza pola cantidade de dous mil corenta euros (2.040 €), como garantía da reposición de danos na vía, conexión a servizos e correcta execución do fronte.

- Haberá un valo de protección de, como mínimo, dous metros de altura, constituído por materiais que ofrezan seguridade, conservación e bo aspecto, situado á distancia que sinalen os servizos técnicos de urbanismo do Concello. En calquera caso, permitirase o paso de peóns. No caso de que, por imposibilidade manifesta, non se poida deixar libre a zona de beirarrúa, instalárase unha nova con materiais resistentes, co piso elevado do pavimento existente, cunha rampla de acceso e baixada, varandas de protección, viseira pola parte superior e sinalización lumínica e visual en ámbolos dous extremos que garantan a seguridade dos peóns. Poñeranse luces de sinalización en cada ángulo do valo. A instalación é provisional durante o tempo que duren as obras, debéndose suprimir e deixar a beirarrúa libre e en boas condicións no caso de paralización daquelas por un período superior a seis meses.

- Procederá a colocar un cartel identificativo da obra (visible dende o exterior) no que conste o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder á vía pública, así como que a citada vía quede limpa. Deberán adoptar as medidas pertinentes relativas á seguridade vial previstas nas normas de circulación e aquelas que no seu caso lle foran ordenadas polos axentes da autoridade.

- Terase a disposición do persoal do Concello exemplares dos planos selados e aprobados, así como da licenza expedida.

Terceiro.- Conforme establecen os artigos 194 e 195 da LOUGA, a ocupación da vivenda quedará condicionada á expedición da licenza de primeira ocupación. A tal fin ao remate das obras presentarase ao Concello polo promotor acta de recepción das obras coa correspondente documentación complementaria, e prezo final das obras mediante facturas para poder proceder á liquidación definitiva. Na documentación que se presente a tal efecto haberá de achegarse o correspondente plano de estado final da urbanización no que se recollan os servizos urbanísticos realizados baixo as directrices municipais con sinalización de redes, arquetas, pozos e puntos de entronque ao edificio dos distintos servizos.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de mil novecentos cincuenta e sete con oitenta e cinco euros (1.957,85 euros).

PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO NO CONCELLO DE AMES.-

O alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17 de agosto de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento de licitación **do Servizo de Transporte Adaptado no Concello de Ames.**

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCS), resulta procedente adxudicar o servizo.

Visto o que antecede, e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 275/2015), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización do **servizo de Transporte Adaptado** á empresa **Vehículos Costa, SL** con CIF B-15645740 e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de douscentos trece mil

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás nove horas e quince minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.